

ANUNCIO

CONVOCATORIA PÚBLICA DA COBERTURA, EN COMISIÓN DE SERVIZOS, DUN POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO NO SERVIZO DE CONTRATACIÓN DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

Vista a providencia do 11 de xuño de 2026 asinada polo xefe do Servizo de Contratación e Patrimonio e mais a tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal, de incoación dun expediente de provisión dun posto de traballo no Servizo de Contratación e Patrimonio do Excmo. Concello de Lugo para a súa cobertura en comisión de servizos polo prazo dun ano prorrogable por outro.

Dáselles coñecemento ás persoas interesadas que cumpran os requisitos sinalados para esta provisión para que acheguen a instancia xunto co currículo vitae e un informe favorable do servizo de procedencia a través do Rexistro Xeral ou Electrónico do Concello de Lugo ata o **25 de xuño 2026**, inclusive.

Nº postos	Denominación posto	Código	Escala	Subescala	Grupo
1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	04/32/2	A.X	AUX.	C2

Os criterios de selección serán os referidos á antigüidade, grao persoal, traballo e postos realizados así como a formación e/ou os méritos académicos, preferiblemente relacionados co posto para desenvolver.

Para a súa difusión e xeral coñecemento, poñerase anuncio no Taboleiro da Sede Electrónica e remitiráselles o anuncio aos correos corporativos.